

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 1

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 25 de XANEIRO de 2016, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

- 1.- Actas anteriores.** (sesións extraordinarias do 9 e 23 de novembro de 2015).
- 2.- Declaracións institucionais.**
- 3.- Ditames das comisións informativas:**
- 4.- Proposicións mencionadas no artigo 63 do regulamento do Pleno.**
- 5.- Mocións:**
 - 5.1.- Moción do Grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a inmediata disposición das parcelas titularidade do SERGAS DA-2 e DA-3 como aparcadoiro gratuíto no proxecto sectorial do novo hospital de Vigo. Rexistro Pleno 1309/1101.
 - 5.2.- Moción do Grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a articulación mediante Convenio, con tódolos concellos da Área Metropolitana de Vigo, da gratuidade do billete de transbordo no transporte urbano abonado pola Xunta de Galicia. Rexistro Pleno 1311/1101.
- 6.- Asuntos ou mocións urxentes.**

PARTE DE CONTROL

- 1.- Toma de coñecemento dos acordos ou resolucións doutros órganos municipais ou de informes ou escritos que así o requiran.**
 - 1.1.- Dar conta de resolucións da Alcaldía.
 - 1.2.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.
- 2.- Coñecemento dos informes citados no art. 38.2.m.4º do Regulamento do Pleno.**

3.- Comparecencias de membros da Corporación.

4.- Mocións.

- 4.1.- Moción do Grupo municipal de Marea de Vigo instando solicitar á empresa LINORSA as acreditacións e certificacións que indican os pregos de condicións en materia de cumprimento da normativa laboral e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1304/1101.
- 4.2.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal a que concrete os investimentos que a Deputación de Pontevedra ten proxectados para a cidade no presente ano. Rexistro Pleno 1306/1101.
- 4.3.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal a tramitar de inmediato a cesión dos terreos necesarios á Xunta de Galicia para a construción da Cidade da Xustiza. Rexistro Pleno 1307/1101.
- 4.4.- Moción do Grupo municipal Socialista instando ao Pleno que os responsables sanitarios da área informen aos profesionais e á cidadanía do programa funcional do Hospital Meixoeiro e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1308/1101.
- 4.5.- Moción do Grupo municipal Socialista recoñecendo o interese por Vigo a tódalas forzas políticas que facilitaron a tramitación da emenda “in voce” ó art. 144 da Lei do Solo. Esixir á AGE que non vete o debate desta emenda ao ser fundamental para o desenvolvemento de proxectos de excepcional interese público na Cidade. Rexistro Pleno 1310/1101.

4.a. Mocións urxentes de control do goberno municipal.

5.- Formulación de rogos.

6.- Formulación de preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día VINTE E CINCO, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

O ALCALDE,

Vigo, 21 de xaneiro de 2016
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda.